

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 5 de decembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas do día cinco de decembro do ano dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1599).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión

2(1600).- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E IMPULSO DA “COMERCIALIZACIÓN TURÍSTICA NO MERCADO ASIÁTICO”. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 4602/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de servizo de Turismo e Comercio, do 4.12.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico da técnica de Ádmón. Xeral e da titular da Asesoría Xurídica, do 4.12.2012, e co informe do Interventor Xeral do 5.12.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o expediente de contratación Nº4602-104 Comercialización turística no mercado asiático

2. Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 26 de novembro de 2012 e o prego administrativo de data 03 de decembro de 2012 de condicións que rexirán a contratación “Comercialización turística no mercado asiático” que forma parte das actuacións aprobadas pola comisión de seguimento do Plan de competitividade turística “Turismo Urbano e Ria” na súa sesión do 24 de outubro de 2012.

3. Autorizar o gasto por un importe de 61.647,34 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria, de remanente, 43202270606 “Plan de Competitividade Turística de Vigo” do vixente presuposto.

4. Abrir o procedemento de licitación urxente na forma legalmente establecida, motivada pola estreita marxe de tramitación imposta ao Concello de Vigo pola comisión de seguimento do Plan de competitividade Trística de Vigo que aprobou as novas actuacións da terceira anualidade do plan o 24 de Outubro de 2012, ao abeiro do disposto no Art.112 do TRLCSP.

3(1601).- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN CON ESTRANXEIROS ”EXPATRIADOS” EN VIGO PARA A PROMOCIÓN DA CIDADE. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 4601/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de servizo de Turismo e Comercio, do 4.12.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral e da titular da Asesoría Xurídica, do 4.12.2012, e co informe do Interventor Xeral do 5.12.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o expediente de contratación Nº4601-104 Expatriados.

2. Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 26 de novembro de 2012 e o prego administrativo de data 03 de decembro de 2012 de condicións que rexirán a contratación “Expatriados” que forma parte das actuacións aprobadas pola comisión de seguimento do Plan de competitividade turística “Turismo Urbano e Ria” na súa sesión do 24 de outubro de 2012.

3. Autorizar o gasto por un importe de 72.600,00 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria, de remanente, 43202279906 “Plan de Competitividade Turística de Vigo” do vixente presuposto.

4. Abrir o procedemento de licitación urxente na forma legalmente establecida, motivada pola estreita marxe de tramitación imposta ao Concello de Vigo pola comisión de seguimento do Plan de competitividade Trística de

Vigo que aprobou as novas actuacións da terceira anualidade do plan o 24 de Outubro de 2012, ao abeiro do disposto no Art.112 do TRLCSP.

4(1602).- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA DE INCENTIVO Á PRESCRICIÓN E VENDA DIRECTA DA OFERTA DE SERVIZOS NO DESTINO TURÍSTICO DE VIGO “VIGO HOSPITALITY”. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 4597/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de servizo de Turismo e Comercio, do 4.12.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral e da titular da Asesoría Xurídica, do 4.12.2012, e co informe do Interventor Xeral do 5.12.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.Aprobar o expediente de contratación N°4597-104 Vigo Hospitality.
- 2.Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 23 de novembro de 2012 e o prego administrativo de data 3 de decembro de 2012 de condicións que rexirán a contratación “Vigo Hospitality” que forma parte das actuacións aprobadas pola comisión de seguimento do Plan de competitividade turística “Turismo Urbano e Ria” na súa sesión do 24 de outubro de 2012.
- 3.Autorizar o gasto por un importe de 67.600,28 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria, de remanente, 43202279906 “Plan de Competitividade Turística de Vigo” do vixente presuposto.
- 4.Abrir o procedemento de licitación urxente na forma legalmente establecida, motivada pola estreita marxe de tramitación imposta ao Concello de Vigo pola comisión de seguimento do Plan de competitividade Trística de Vigo que aprobou as novas actuacións da terceira anualidade do plan o 24 de Outubro de 2012, ao abeiro do disposto no Art.112 do TRLCSP.

5(1603).- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN “VIGO INCOMING”. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 4595/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de servizo de Turismo e Comercio, do 4.12.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral e da titular da Asesoría Xurídica, do 3.12.2012, e co informe do Interventor Xeral do 5.12.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.Aprobar o expediente de contratación N°4595-104 Vigo Incoming.

2. Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 23 de novembro de 2012 e o prego administrativo de data 29 de novembro de 2012 de condicións que rexerán a contratación “Vigo Incoming” que forma parte das actuacións aprobadas pola comisión de seguimento do Plan de competitividade turística “Turismo Urbano e Ria” na súa sesión do 24 de outubro de 2012.

3. Autorizar o gasto por un importe de 65.158,5 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria, de remanente, 43202279906 “Plan de Competitivade Turística de Vigo” do vixente presuposto.

4. Abrir o procedemento de licitación urxente na forma legalmente establecida, motivada pola estreita marxe de tramitación imposta ao Concello de Vigo pola comisión de seguimento do Plan de competitividade Trística de Vigo que aprobou as novas actuacións da terceira anualidade do plan o 24 de Outubro de 2012, ao abeiro do disposto no Art.112 do TRLCSP.

6(1604).- CONTRATO MAIOR DE OBRAS DO “CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE RÍA”. EXPTE. 4588/104 Y 1654/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 30.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral e da titular da Asesoría Xurídica, do 4.12.2012, e co informe do Interventor Xeral do 5.12.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación do Proxecto de execución de obra e dotación do centro de interpretación de Vigo e a súa Ría, ao amparo dos artigos 112 do TRLCSP a efectos de redución de prazos, e o artigo 144 do TRLCSP.
- 2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexerá a licitación redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 30 de novembro de 2012.
- 3º.- Autorizar o gasto polo importe 225.723,88 Euros, máis o 21 % (47.402,01 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 273.125,89 Euros (douscentos setenta e tres mil cento vintecinco euros con oitenta e nove céntimos), para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4320.212.00.00 do orzamento municipal vixente
- 4º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

7(1605).- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE

AUDITORÍA EXTERNA PARA AO PROXECTO INTERREG IVC "SUSTAINABLE URBAN MOBILITY" (SUM PROJET). AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9199/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 4.12.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral e da titular da Asesoría Xurídica, do 28.11.2012, e co informe do Interventor Xeral do 4.12.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a tramitación urgente do expediente 9199/77 de contratación do .SERVIZO DE AUDITORIA EXTERNA PARA O PROXECTO INTERREG IVC "SUSTAINABLE URBAN MOBILITY" (SUM PROJECT).

2.- Aprobar o expediente 9199/77 de contratación do SERVIZO DE AUDITORÍA EXTERNA PARA O PROXECTO INTERREG IVC "SUSTAINABLE URBAN MOBILITY" (SUM PROJECT).

3.- Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 19 de novembro de 2012 e o prego de cláusulas administrativas de data 26 de novembro de 2012 de condicións que rexirán a contratación do SERVIZO DE AUDITORÍA EXTERNA PARA O PROXECTO INTERREG IVC "SUSTAINABLE URBAN MOBILITY" (SUM PROJECT).

4.- Autorizar o gasto por un importe de 4.720,00€ (IVE engadido) con cargo á aplicación orzamentaria, 2410..2279907 "ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS SUM PROJECT", do vixente presuposto e dos dous seguintes, conforme á seguinte distribución:

Informe	Data entrega	Data pago	Custe	IVE	Custe total con IVE engadido
1º informe	Ata 01 marzo 2013	Á entrega 1º informe: Marzo 2013	975,21	204,79	1.180,00
2º informe	Ata 01 setembro 2013	Á entrega 2º informe: setembro 2013	975,21	204,79	1.180,00
3º informe	Ata 01 marzo 2014	Á entrega 3º informe: marzo 2014	975,21	204,79	1.180,00
4º informe	Ata 01 setembro 2014	Á entrega 3º informe: setembro 2014	975,21	204,79	1.180,00
Total (€)			3.900,84	819,16	4.720,00

5.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás quince horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

am/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.